



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE OPERARIOS/AS DE LIMPEZA, LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE PONTECESO E CONTRATACIÓN DE DÚAS TRABALLADORAS PARA COBERTURA DE DOUS POSTOS.
EXPEDIENTE: 2022/X999/000281

EXPEDIENTE: 2022/G003/000702

ANTECEDENTES:

A Alcaldía considerou necesario proceder á redacción das bases reguladoras para a convocatoria dunha bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de persoal laboral na categoría de operario/a de limpeza, limpadores/as de instalacións municipais, do Concello de Ponteceso, por motivos urxentes e inaprazables ou para atender as eventuais necesidades que poida demandar o devandito servizo, así como a substitución de persoas traballadoras nos casos de baixas, situacións con dereito á reserva do posto de traballo e vacantes.

Pola resolución núm. 450/2022, de data 27-06-2022 apróbase a convocatoria e bases do proceso selectivo, sendo publicadas no BOP núm. 124 do 1 de xullo de 2022.

Mediante a resolución núm. 596/2022, de 17-08-2022, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. Rematado o proceso selectivo o tribunal, con data do 31-08-2022, elevou á Alcaldía a proposta de formación da bolsa de emprego, composta polos seguintes aspirantes aprobados:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN FINAL
1	AÑÓN REY, SUSANA	***1405**	51
2	AMADO MATO, MARÍA ROCÍO	***6146**	50
3	PÉREZ BLANCO, SANDRA	***1234**	50
4	SUÁREZ CASTRO, ANDREA	***1345**	50
5	BALSA BALSEIRO, TANIA	***9222**	48
6	AMADO LEMA, ERIKA	***4475**	47
7	PARGA COUSILLAS, PATRICIA	***4182**	46,50
8	FACAL FACAL, Mª DEL CARMEN	***6494**	44



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

9	MARTÍNEZ HINCAPIE, MARGARITA M ^a	***7468**	39,25
10	VERES LEMA, MARÍA TERESA	***0805**	38,50
11	DOURADO CALVO, M ^a TERESA	***5656**	38

Visto o comezo do curso escolar 2022-2023, tendo en conta que a limpeza dos colexios e da gardaría infantil son tarefas que hai que acometer inexorablemente todos os días e co fin de non ocasionar mermas nos servizos que xa se viñan prestando no curso 2021-2022, o 08-09-2022 ditei providencia na que se reflicte a necesidade urxente e inaprazable de proceder á cobertura de dous postos do persoal do Servizo de limpeza das instalacións municipais, colexios e Casa do Concello, polos motivos seguintes:

- Posto vacante por mor da xubilación de D^a Elena Dourado Alborja con efectos 30-06-2022 (rexistro de entrada núm. 202200000000745 de 27/05/2022)
- Posto desempeñado por D^a Begoña Pérez Lema: de baixa médica por incapacidade temporal desde o 28-06-2022

Na mesma providencia dispuxen que pola Técnica Local de Emprego se emitise un informe, unha vez efectuados os chamamentos ás candidadas que figuran na bolsa de emprego proposta polo tribunal cualificador do proceso selectivo na acta do 31-08-2022, o cal foi emitido o 09-09-2022 có seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE: 2022/X999/000281 BOLSA DE EMPREGO OPERARIOS/AS DE LIMPEZA, LIMPADORES/AS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”

Fátima María Gómez Casal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ponteceso, en cumprimento do ordenado na providencia de Alcaldía de data 08/09/2022 na que se dispón que pola AEDL se inicien os trámites oportunos para a cobertura dos dous postos vacantes existentes entre o persoal do Servizo de limpeza das instalacións municipais, colexios e Casa do Concello, sendo estas as seguintes:

- D^a Elena Dourado Alborja: Pasou á situación de xubilación o 30-06-2022
- D^a Begoña Pérez Lema: De baixa médica por incapacidade temporal desde o 28-06-2022

INFORME:

Logo de ver as bases para a constitución e funcionamento dunha bolsa de emprego de operarios/as de limpeza, limpadores/as de instalacións municipais aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 450/2022, de data 27 de xuño de 2022, publicadas no BOP número 124 do 1 de xullo de 2022.

Logo de ver a acta de data 31-08-2022 do tribunal cualificador do proceso selectivo para a formación da dita bolsa de emprego na que se acorda:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“1º.- Elevar á alcaldía a proposta definitiva de formación da bolsa de emprego para a contratación con carácter temporal de operarios/as limpeza, limpadores/as de instalacións municipais, unha vez revisadas as alegacións presentadas, ordeados de xeito decrecente consonte á puntuación obtida, e ao producirse un empate a 50 puntos entre tres candidatas a base Novena establece:

“No caso de producirse empate entre varios aspirantes seguirase o seguinte criterio de prelación para a súa resolución: primeiro, puntuación obtida nos exercicios da fase oposición; segundo, orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021: letra “Y”, segundo o sorteo realizado o 29 de xaneiro de 2021 (Resolución do 29 de xaneiro de 2021, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2021; terceiro, de persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados.”

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN FINAL
1	AÑÓN REY, SUSANA	***1405**	51
2	AMADO MATO, MARÍA ROCÍO	***6146**	50
3	PÉREZ BLANCO, SANDRA	***1234**	50
4	SUÁREZ CASTRO, ANDREA	***1345**	50
5	BALSA BALSEIRO, TANIA	***9222**	48
6	AMADO LEMA, ERIKA	***4475**	47
7	PARGA COUSILLAS, PATRICIA	***4182**	46,50
8	FACAL FACAL, M ^a DEL CARMEN	***6494**	44
9	MARTÍNEZ HINCAPIE, MARGARITA M ^a	***7468**	39,25
10	VERES LEMA, MARÍA TERESA	***0805**	38,50
11	DOURADO CALVO, M ^a TERESA	***5656**	38

Logo de ver a base décima das reguladoras do proceso selectivo na que se recolle o contido do funcionamento da bolsa de emprego:

“1. Cos candidatos que superen o proceso selectivo formarase unha bolsa de emprego pola orde decrecente da puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións laborais de carácter temporal, nos supostos previstos no Estatuto dos Traballadores (acumulación de tarefas por circunstancias da produción, cobertura de vacantes ata a súa provisión definitiva, substitución de traballadores con dereito a reserva do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentarios). A lista de candidatos que superen o proceso selectivo da bolsa de emprego aprobarase pola alcaldía.

2. A contratación laboral temporal dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación obtida no proceso selectivo, despois dos chamamentos, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónica, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións con un intervalo mínimo de 5 horas, deixando constancia incorporada ao expediente. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicación de chamamento fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos, entenderase que o aspirante desiste do mesmo. Deixarase constancia documental no expediente.

4. Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que ao remate da contratación para a que son chamados retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non atenderan o requirimento, non se presentaran ou renunciaran sen causa xustificada, ou que renunciaran a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases serán excluídos da mesma.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), no caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partires do segundo) ou ter ao seu cargo a atención de familiares ata o segundo grao.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a procedencia da aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou ao posto de traballo, así como a exclusión da bolsa de emprego.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata o remate da contratación.

7. Os integrantes da bolsa de traballo que se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. Dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez compareza o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, mediante Resolución da Alcaldía procederase á súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de DOUS anos, prorrogable por outro máis ata o máximo de tres aos, contados desde a súa aprobación, no caso de contratacións realizadas durante a súa vixencia estarase ao disposto na lexislación de aplicación relativa a contratacións laborais temporais”

Á vista dos antecedentes anteriormente reflectidos procédese ao chamamento dos integrantes que conforman a bolsa de operarios/as de limpeza, limpadores/as de instalacións municipais segundo a acta de data 31-08-2022 do tribunal cualificador, do que se deixa constancia documental no expediente, producindo o seguinte resultado:

-D^a Susana Añón Rey (candidata número 1), o día 08-09-2022 envíaselle chamamento telefónico a D^a Susana Añón Rey, respondendo que acepta o posto, polo que asina presencialmente, documento de aceptación o mesmo día 08/09/2022.

-D^a Rocío Amado Mato (candidata nº 2), o día 08-09-2022 envíaselle chamamento telefónico a D^a Rocío Amado Mato respondendo que rexeita o posto por estar desenvolvendo un traballo remunerado nesta administración na data na que se efectúa o chamamento, polo que asina presencialmente, documento de rexeitamento o día 09/09/2022 e acredita documentalmente.

-Sandra Pérez Blanco (candidata nº 3), o día 09-09-2022, envíaselle chamamento telefónico a D^a Sandra Pérez Blanco, respondendo que acepto o posto, polo que asina presencialmente, documento de aceptación o día 09/09/2022.

Ponteceso, 9 de setembro de 2022

A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local

Fátima María Gómez Casal
(documento asinado electronicamente)”



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Na data do 13-09-2022 emitíuse pola Intervención Municipal informe de fiscalización, sendo a súa conclusión do seguinte teor literal:

“...A fiscalización favorable do expediente QUEDA CONDICIONADA ao CUMPRIMENTO das seguintes PREMISAS :

1.- **X*.A:** *débese especificar con precisión no contrato de traballo a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista de xeito que está última quedará condicionada, para a praza vacante incluída na OPE-estabilización, ao remate do proceso selectivo para a súa cobertura definitiva e para a praza ocupada á incorporación da traballadora substituída.*

2.- **X*.B:** *a resolución de alcaldía que aprobe a creación da bolsa de emprego temporal de operario/a de limpeza deberá respectar a orde de prelación establecida na acta do tribunal de selección de 31/08/2022 e ter como finalidade a realización de contratacións laborais de carácter temporal para os supostos previstos no Estatuto dos Traballadores. Asemade, deberá facerse pública no taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello, con indicación dos recursos procedentes*

3.- **X*.C:** *A contratación laboral temporal dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación obtida no proceso selectivo, despois dos chamamentos, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo*

4.- **X*.D:** *Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que ao remate da contratación para a que son chamados retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.*

5.- **X*.E:** *A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata o remate da contratación*

6.- **X*.F:** *Unha vez compareza o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, mediante Resolución da Alcaldía procederase á súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente*

7.- **X*.G:** *O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo.*

Asemade, cabe reiterar a responsabilidade do Alcalde, dada a vulneración do artigo 15 do RDL 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (duración do contrato de traballo), pola pola prórroga tácita dos contratos de persoal laboral temporal obxecto de substitución”

O recurso á devandita bolsa de emprego, para a incorporación do persoal laboral temporal pretendido, adecuarase e aterase aos criterios, requisitos, supostos e modalidades contractuais previstos pola normativa aplicable, ao efecto, en cada momento, e, concretamente, e segundo o marco normativo actualmente vixente, ao disposto nos artigos 11 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e 27 da LEPG; no Estatuto dos Traballadores; e no artigo 20. Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 (ou previsións normativas concordantes e/ou substitutivas dos mesmos).



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

A competencia para resolver correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 21.1.a) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e artigo 61.1.a) e h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o anterior no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro: Aprobar a creación da bolsa de emprego de “Operarios/as de limpeza, limpadoras de instalacións municipais no Concello de Ponteceso”, de conformidade coa proposta do tribunal de data 31-08-2022, para a cobertura por motivos urxentes e inaprazables ou para atender ás eventuais necesidades que poida demandar o devandito servizo, así como a substitución de persoas traballadoras nos casos de baixas, situacións con dereito á reserva do posto de traballo e vacantes, estando composta polos seguintes aspirantes aprobados, ordenados de xeito decrecente, segundo as puntuacións obtidas no proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN FINAL
1	AÑÓN REY, SUSANA	***1405**	51
2	AMADO MATO, MARÍA ROCÍO	***6146**	50
3	PÉREZ BLANCO, SANDRA	***1234**	50
4	SUÁREZ CASTRO, ANDREA	***1345**	50
5	BALSA BALSEIRO, TANIA	***9222**	48
6	AMADO LEMA, ERIKA	***4475**	47
7	PARGA COUSILLAS, PATRICIA	***4182**	46,50
8	FACAL FACAL, M ^a DEL CARMEN	***6494**	44
9	MARTÍNEZ HINCAPIE, MARGARITA M ^a	***7468**	39,25
10	VERES LEMA, MARÍA TERESA	***0805**	38,50
11	DOURADO CALVO, M ^a TERESA	***5656**	38

Ao producirse un empate a 50 puntos entre tres candidatas aplicouse o establecido na base novena, cuxo contido deseguido se transcribe:

“No caso de producirse empate entre varios aspirantes seguirase o seguinte criterio de prelación para a súa resolución: primeiro, puntuación obtida nos exercicios da fase oposición; segundo, orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021: letra “Y”, segundo o sorteo realizado o 29 de xaneiro de 2021 (Resolución do 29 de xaneiro de 2021, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2021; terceiro, de persistir o empate realizarase un sorteo entre os aspirantes implicados”

Ao abeiro da base DÉCIMA.10 das aprobadas por resolución núm. 450/2022, de data 27-06-2022, a bolsa de emprego terá unha vixencia de DOUS anos, prorrogable por outro máis ata o máximo de tres aos, contados desde a súa aprobación, no caso de contratacións realizadas durante a súa vixencia estarase ao disposto na lexislación de aplicación relativa a contratacións laborais temporais.

Segundo: Contratar como persoal laboral temporal á candidata nº 1, **Dª. Susana Añón Rey, DNI ***1405****, na modalidade de contrato de duración determinada para cubrir temporalmente o posto de traballo vacante motivado pola xubilación Dª Elena Dourado Alborja, ao abeiro da disposición adicional cuarta do RDL 32/2021, de 28 de decembro, modificado polo RDL 1/2022, a cal establece: “Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público.”, coa categoría profesional de peóns, limpadoras, grupo de cotización 10, e coas retribucións establecidas no vixente Orzamento Municipal. Establecer a data de inicio para o día 16-09-2022 rematando a contratación no intre en que se provea en propiedade a praza por medio do correspondente proceso selectivo cuxa OPE foi aprobada por resolución de alcaldía número 386/2022, de 27 de maio e publicada no BOP núm. 102 de 31.05.2022.

Terceiro: Contratar como persoal laboral temporal, visto o rexeitamento presentado pola candidata nº 2, á candidata nº 3, **Dª. Sandra Pérez Blanco, DNI ***1234****, na modalidade de contrato de duración determinada para substitución da persoa traballadora con dereito á reserva de posto de traballo, consonte ao establecido no artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores coa categoría profesional de peóns, limpadoras, grupo de cotización 10, e coas retribucións establecidas no vixente Orzamento Municipal, para a substitución da traballadora Dª. Begoña Pérez Lema, de baixa por incapacidade transitoria, a cal se atopa nesta situación desde o 28-06-2022. Establecer a data de inicio para o día 16-09-2022 rematando a contratación no intre en que se incorpore á persoa substituída.

Cuarto: En cumprimento da base NOVENA das aprobadas por resolución núm. 450/2022 de data 27-06-2022, publicar a presente resolución, no que atinxe á creación da bolsa de emprego, no taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web do Concello. Indicaranse os recursos que, no seu caso, procedan.

Quinto: Notificar ás interesadas e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O alcalde

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: María Cristina Varela García